

### CONVOCATORIA ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 2022

De conformidade co establecido na *RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da secretaría Xeral Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous pais/nais**, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar. Os outros dous representantes de pais/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.

2.- Son electores/as todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día **10 de novembro** está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día **17 de novembro**.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas **entre o 11 de novembro e o 18 de novembro**.

4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o **día 21 de novembro, ás 13.00 horas**. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

6.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 29 de novembro, de 09:00 a 10:00 horas da mañá e de 17:00 a 18:00 horas da tarde**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 09:00 horas. A mesa está situada **no hall de entrada do centro**.

7.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **dun nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do **D.N.I.** ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal dos/das alumnos/as.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Redondela, 10 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Cecilia Rodríguez Lago.